

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O USO DAS INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN 2021

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

A convocatoria ten por obxecto facilitar o acceso aos servizos de uso xeral dependentes da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, tanto nas Unidades da Área de Infraestruturas de Investigación como na Rede de Estacións Biolóxicas (REBUSC), a aqueles grupos de investigación que manteñan unha actividade investigadora acreditada e non dispoñan de financiamento na actualidade.

2.-BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas os IPs da USC que figuren no Catálogo de grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela na data de publicación desta convocatoria.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

3.1. Será requisito de participación na presente convocatoria de axudas non ter un financiamento activo derivado de convocatorias competitivas no momento da publicación da presente convocatoria sexan estas concedidas por organismos ou axencias públicas ou privadas, como de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, agás para aquelas actividades que se desenvolvan na REBUSC.

3.2. Non poderán participar nesta convocatoria os IPs integrados nun grupo de investigación que conte con financiamento activo nas convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia.

3.3. A composición do grupo de investigación que se terá en conta para a avaliación das solicitudes será a existente na data de publicación desta convocatoria.

4.- CATEGORIAS E CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

O importe destas axudas irá unicamente destinado a cubrir os custos dos servizos prestados pola Área de Infraestruturas de Investigación da USC e a Rede de Estacións Biolóxicas (REBUSC).

Na REBUSC financiaranse aquelas actividades de investigación que requiran dun uso prolongado da súas instalación ou servizos, independentemente do financiamento do grupo. Valorarase especialmente, proxectos que involucren a estudantes de grao, mestrado ou doutoramento.

5.- FINANCIAMENTO

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de **50.000 €** efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria **8050.7G78.64100**, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2020 e estarán cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e Ordenación Universitaria e a USC para o ano 2021 (Actuación: “Accións Transversais de apoio á I+D – Axudas uso de infraestruturas científicas”).

6.-CONTÍA DAS AXUDAS

Ao abeiro do orzamento dispoñible e do número de solicitudes presentadas, o importe das axudas será establecido pola Comisión de selección

7.-PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través do [registro electrónico](#) da USC Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de axudas para o uso de infraestruturas de investigación 2021.

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días naturais** a contar dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria.

Unha vez presentada esta solicitude e recibida na Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D, se enviará ao solicitante un **formulario electrónico** onde se solicitarán os datos e o seguintes documentos complementarios precisos para avaliar a solicitude.

1. Escrito de motivación da solicitude da axuda que inclúa unha breve descrición do proxecto de investigación que se pretende realizar (1 páxina máximo).
2. Currículo abreviado (CVA) do solicitante.

8.-INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento desta convocatoria correspóndelle á Subárea de Convocatorias e RRHH de I+D pertencente á Área de Xestión de Investigación e farase integramente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos que poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>), con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de CINCO días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A emenda da documentación farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Os solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos solicitantes a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

9.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Serán admitidas todas as solicitudes que cumpran os obxectivos e criterios da convocatoria.

10.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión encargada de seleccionar as solicitudes estará composta por:

- Presidente: José Antonio Costoya Puente, Director da Área de Infraestruturas de Investigación.
- Secretaria: M^a Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de coordinación do Campus de Lugo para investigación, transferencia e innovación.
- Vogais:
 - José Manuel Otero Casas, técnico da Área de Infraestruturas de Investigación
 - Xosé Luis Otero Pérez. Coordinador Científico da Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC)

11.-PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN

A Comisión determinará as accións que se financiarán ao abeiro desta convocatoria e o montante económico que recibirá cada unha delas. Poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

12.-LIBRAMENTO DA AXUDA

A execución das distintas axudas formalizarase a través dun crédito orzamentario dispoñible na Área de Infraestruturas de Investigación ata o importe máximo concedido a cada unha das axudas.

13.-XUSTIFICACIÓN

Dado que a presente convocatoria está enmarcada nunha actuación financiada por un Convenio coa Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que os fondos deste convenio deben ser xustificadas, é necesario que o crédito concedido estea totalmente consumido con data límite do 30 de novembro de 2021. A xustificación será realizada de oficio pola Subárea Económica da Área de Xestión de Investigación.

DISPOSICIÓN FINAL

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestímulo da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Por delegación do Reitor

(RR do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñuzuri

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 25/03/2021 09:16:55.

CSV: 962E-CEB8-4C45-ACF3